



DECRETO

D.SERGIO PLATAS CASAL , ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADERNE

O Concello de Paderne é beneficiario dunha subvención para a contratación do servizo Limpeza de praias Paderne 2026 ao abeiro da Resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA100: programa de subvencións a concellos para limpeza de praias marítimas no 2026 publicada no BOP Nº 57 DE 26/12/202, da Deputación Provincial de A Coruña para o servizo de Limpeza de Praias Paderne 2026 o importe de 17.956,26€,

Por Decreto de Alcaldía nº 297/2026 de 02/06/2026 se aprobaron das bases da convocatoria para a provisión mediante contratación laboral temporal de catro peóns ao abeiro das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos para limpeza de praias marítimas no 2026 (MA100/2026) publicándose anuncio das mesmas no BOP nº 108 de 10 de xuño de 2026 e no taboleiro de anuncios sede electrónica do Concello.

Vista a proposta do Tribunal Cualificador das probas realizadas o día 23 de xuño de 2026 para a selección de catro peóns para o servizo de limpeza de praias, propónse a contratación de dous participantes no proceso selectivo, noméandose os dous aspirantes propostos, quedando sen cubrir dúas prazas das convocadas.

Polo exposto,

RESOLVO:

1. Convocar un novo procedemento selectivo para a contratación laboral temporal de **dous (2) peóns de limpeza de praias**, co obxecto de cubrir as dúas prazas que quedaron vacantes no procedemento convocado por Decreto da Alcaldía nº 297/2026, do 2 de xuño de 2026, polo que se aprobaron as bases reguladoras da convocatoria para a provisión, mediante contratación laboral temporal, de catro peóns ao abeiro das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos para a limpeza de praias marítimas no ano 2026 (MA100/2026).

Ordenar a publicación da correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello, rexéndose este novo procedemento polas bases aprobadas mediante o citado Decreto, coa modificación prevista no apartado seguinte.

2. Modificar a base primeira (Obxecto da convocatoria), engadindo o seguinte parágrafo:



"A duración dos contratos formalizados ao abeiro desta convocatoria non poderá exceder do día 31 de outubro de 2026."

Documento dixitalmente

O Alcalde- Presidente

Asdo: Sergio Platas Casal